

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Xuntas de Goberno
2024/G007/000008

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 18 de abril de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“05. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 982/2024 DE 15/04/2024 SOBRE AVOCACIÓN AOS EFECTOS DE APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O XXIV CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL E O XXXVI DÍA DA MUIÑEIRA DA AX XIRADELA 2024.-

Proposta de Acordo

Secretaría Xeral
Exp. 2024/A004/000002

DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 982/2024 DE 15/04/2024 SOBRE AVOCACIÓN AOS EFECTOS DE APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O XXIV CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL E O XXXVI DÍA DA MUIÑEIRA DA AX XIRADELA 2024.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto nº 982/2024 de 15 de abril de 2024, co seguinte teor literal:

“PROCEDEMENTO.- Convocatoria Subvenciones Nominativas
Expediente.- 2024/A004/000002

Asunto.- DECRETO DE AVOCACIÓN AOS EFECTOS DE APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O XXIV CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL E O XXXVI DÍA DA MUIÑEIRA DA AX XIRADELA 2024

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez ante min, Secretario Xeral, dicta a presente **RESOLUCIÓN**:

1. ANTECEDENTES.-

O 23 de febreiro de 2023 foi aprobado polo Pleno ordinario da corporación o Plan estratéxico de subvencións PES municipal 2023-2025 (BOP nº 44 do 6 de marzo de 2023) onde se recolle que un dos obxectivos estratéxicos está o de *“apoiar e promover a cultura nas súas diversas manifestacións así como potenciar a participación veciñal e das asociacións na promoción de* Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

actividades de interese publico.” Máis concretamente “estimular a creación cultural e as artes escénicas” é un dos obxectivos específicos do presente Plan. Deste xeito establécense varias liñas de axudas dentro das cales está o programa 3.2.4 “CONVENIO COA ASOCIACIÓN XUVENIL XIRADELA” cun coste previsible de 8.500 € con cargo á partida orzamentaria: 334.48901.

A AX Xiradela presentou solicitude de renovación do convenio e documentación complementaria con data do 07 de marzo de 2024 (nº de entrada en rexistro: 202499900002039) sobre a súa intención de organizar este ano 2024 una nova edición do Concurso de Música Tradicional (domingo, 21 de abril de 2024) e do Día da Muiñeira (domingo, 12 de maio de 2024), actividades de contrastado éxito e de especial interese para a promoción cultural local, e das que se beneficiará especialmente a veciñanza de Arteixo.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Providencia da concelleira de Cultura e Xuventude, María Dolores Dubra López, de data 4 de marzo de 2024 (CVD: tUgpY+puWHhsFb8aKJqy) pola que se incoa o expediente preparatorio do convenio de colaboración de referencia.
- Informe favorable emitido pola coordinadora técnica de Cultura, Sonia Iglesias Recarey, con data do 11/04/2024 (CVD: 3Wj0no0tTaTX2pz2RMcH) sobre a idoneidade da entidade para a realización do obxecto do convenio e da exclusión do procedemento en réxime de concorrência competitiva.
- Informe de fiscalización favorable emitido pola viceinterventora Luz María Villa Álvarez, en data 12/04/2024 (CVD: 0OgP1iHTit79OLa8VtaB).
- Retención de crédito por importe de 8.500,00 € con cargo á partida 334.48901 e número de operación 220240006195 emitido pola viceinterventora Luz María Villa Álvarez en data do 12/04/2024.

Tendo en conta que a finalidade do presente convenio é a promoción e o fomento da cultura, resultando ser beneficiaria unha das entidades locais máis senlleiras no eido do folclore popular con máis de 30 anos de traxectoria ininterrompida.

Sendo urxente e necesaria a aprobación deste convenio con anterioridade a execución da primeira das actividades subvencionadas, que está prevista para o próximo domingo 21 de abril de 2024 e ante a falta de liquidez manifestada pola entidade para facer fronte aos custos xerados pola súa organización (pago de premios, etc).

Considerando que a competencia orixinaria para ditar esta Resolución pertence á Alcaldía, que avoco en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Á vista do exposto, en base ás competencias do art. 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar para min a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante decreto 2005/2023 do 19/06/2023 (CVD: CNvz8lxMrSKAuobDZxgA), en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público debido a urxencia que traslada o servizo municipal xestor para a aprobación da subvención nominativa para a realización do XXIV Concurso de Música Tradicional (domingo, 21 de abril de 2024) e do XXXVI Día da Muiñeira (domingo, 12 de maio de 2024) ante a falta de liquidez manifestada pola entidade para facer fronte aos custos xerados pola súa organización.

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Arteixo e a AX Xiradela de Arteixo do seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AX XIRADELA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CELEBRACIÓN DO “XXIV CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL” E DO “XXXVI DÍA DA MUIÑEIRA” NO CONCELLO DE ARTEIXO 2023

Dunha parte Don Carlos Calvelo Martínez, con DNI 32.824.251P, en calidade de alcalde do Concello de Arteixo

Doutra parte Uxía Verdía Pereiro con DNI 48112643R, en calidade de presidenta da AX Xiradela

EXPOÑEN

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, o Concello de Arteixo ten plena capacidade para obrigarse.

En virtude do artigo 25.2 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local o Concello de Arteixo é competente para o desenvolvemento de actividades culturais e de ocupación do tempo libre.

Comprobado que a a AX Xiradela, con CIF G 15051568, ten plena capacidade para asinar o presente convenio e non se atopa incurso en ningún dos supostos do artigo 13 da Lei 38/2003, de prohibición para obter subvencións ou axudas públicas.

Considerando que o obxecto do presente convenio é a organización de actividades culturais, e que non se atopa dentro do ámbito obxectivo do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais e que nas Bases de execución do orzamento municipal de 2024 se contempla na aplicación orzamentaria 334.48901 a existencia de crédito orzamentario axeitado e cantidade suficiente para a concesión dunha subvención nominativa a favor da AX Xiradela por importe de 8.500,00 € co obxecto de realizar actuacións no ámbito municipal.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

a) A entrega faise sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

b) A entrega está suxeita ó cumprimento do obxectivo, proxecto ou actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.

c) O proxecto, acción ou situación financiada teñan por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Verificado o carácter excepcional da AX Xiradela, debido a súa traxectoria, o seu renome e a súa proxección internacional neste tipo de eventos e demostrada a súa capacidade organizativa durante máis de 36 anos en este tipo de actividades que, por outra banda, lle son propias segundo recolle os seus estatutos o que a fai idónea para realizar o obxecto do presente convenio, xustificando así a exclusión da concorrência competitiva.

E, tendo en conta a vontade de ambas partes por establecer liñas de colaboración para realizar ambos eventos no ano 2024.

Por todo o exposto, establécese a regulamentación a través das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: obxecto

É obxecto do presente convenio a regulamentación da colaboración entre o Concello de Arteixo e a AX Xiradela para a realización do XXIV Concurso de Música Tradicional e o XXXVI Día da Muiñeira en Arteixo no ano que andamos.

As condicións de ditos programas serán as seguintes:

a) O Concello de Arteixo comprométese a aboar á AX Xiradela a cantidade de 8.500,00 (oito mil cincocentos euros) para a organización e celebración este ano en Arteixo do XXIV Concurso de Música Tradicional e o XXXVI Día da Muiñeira. Este gasto irá con cargo á partida orzamentaria 334.48901 dos presupostos xerais do Concello de Arteixo para o ano 2023.

b) Constitúese unha comisión mixta de seguimento da execución deste Convenio formada pola concelleira de cultura e o representante nomeado para os efectos da AX Xiradela.

c) Para o non previsto nesta normativa será aplicable a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e as disposicións en materia de réxime local.

d) O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión. Neste caso o Concello poderá revogar e esixir o reintegro da subvención.

e) O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estea obrigada a AX Xiradela.

f) O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

g) Para o desenvolvemento deste convenio, así coma a matización de calquera aspecto que poida exporse na interpretación do mesmo, a persoa interlocutora e responsable municipal será a concelleira de cultura.

SEGUNDA: obrigas do beneficiario

Son obrigas da asociación todas as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e, en particular, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, presentar o proxecto valorado e realizar as actividades que dan lugar á concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano que concede esta axuda o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a súa concesión.

c) Someterse ás actuacións de control e comprobación financeira que exercerá o Concello

d) Comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actividades obxecto deste convenio.

e) Acreditar que se atopa ó corrente coas súas obrigas tributarias (Estado, CCAA e Concello de Arteixo) e coa Seguridade Social.

f) Organizar e levar a cabo os programas sinalados dirixidos a toda a veciñanza.

g) Presentar antes do 30 de setembro a xustificación dos gastos ocasionados, mediante facturas orixinais ou compulsadas por importe mínimo de 8.500,00 € (oito mil cincocentos euros), así como unha memoria das actividades realizadas cos gastos e os ingresos correspondentes. No momento da súa presentación, deberá acreditarse que as facturas presentadas xa foron aboadas mediante transferencia bancaria, aportando os xustificantes correspondentes. Estas facturas deberán aplicar as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan.

h) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.

i) Dispor dun seguro de responsabilidade civil que cubra estas actividades nos termos que estable o Decreto 226/2022 de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos (DOG nº 13 do 19 de xaneiro de 2023)

j) Facer constar en toda publicidade que xere cada actividade a colaboración do Concello de Arteixo, mediante a inclusión do logotipo oficial (<https://artaixo.org/informacion/imaxe-corporativa/>)

k) Presentar a declaración responsable para a celebración do Día da Muiñeira, en cumprimento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e demais documentación necesaria para a celebración do evento. Este documento pódese descargar no seguinte enlace: <https://artaixo.org/wp-content/uploads/2021/07/U029-DR-PRO-ESP-PUB-ACT-REC.pdf>

TERCEIRA: obrigas do Concello

a) O Concello de Arteixo comprométese á aportación de 8.500,00 € con cargo ao orzamento do ano 2024, efectuando o libramento do 70% dos fondos (5.950,00 €) no momento da sinatura deste convenio e o 30% restante cando se presente a preceptiva xustificación dos gastos (2.550,00 €). Previo pago acreditarase documentalmente que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente da súas obrigas tributarias e que consta declaración responsable de que non é beneficiaria doutras subvencións e/ou axudas recibidas con idéntico destino e que non ten cantidades pendentes derivadas de expediente de reintegro de subvencións, así como de non atoparse en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións.

b) O Concello de Arteixo pon a disposición da AX Xiradela o Auditorio do Centro Cívico Cultural de Arteixo para a celebración do Concurso de Música Tradicional cos recursos técnicos dos que dispón este espazo escénico

CUARTA: gastos sufragables

Considéranse gastos sufragables os seguintes conceptos inherentes á organización dos eventos subvencionados: premios en metálico, trofeos, alugueres de equipos (son, luces, escenarios, vaías...), cartelería, agasallos conmemorativos, etc.

QUINTA: xustificación

Para o cobro da subvención concedida, será requisito imprescindible a presentación previa da conta xustificativa que terá o seguinte contido mínimo, tal e como establecen os artigos 72 e 75 do RD 877/2006, de 21 de xullo.

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas, indicando as actividades realizadas, o presuposto executado de ingresos e gastos e os resultados obtidos.

b) Memoria económica xustificativa das actividades subvencionadas.

c) Presentación dos documentos que acrediten os gastos sufragables realizados: facturas e xustificantes de pago mediante transferencia bancaria.

d) Relación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma actividade, indicando o importe e a procedencia.

e) Carta de pagamento de reintegro no caso de sobrantes non aplicados.

f) Presentación da DR segundo Lei 10/2017 pola celebración do Día da Muiñeira na rúa.

O prazo para presentar esta conta xustificativa rematará o 30 de setembro de 2024

SEXTA: pagamento

Comprobada e aprobada a conta xustificativa, o Concello procederá ao pagamento do 30% restante da subvención (2.550,00 €) mediante transferencia bancaria á conta da entidade beneficiaria.

SÉTIMA: reintegro

Procederá o reintegro dos anticipos ou cantidades percibidas en concepto de subvención nos seguintes casos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- a) *Cando o importe da subvención anticipada supere o gasto efectivamente realizado.*
- b) *Cando se incumpran as condicións que deron lugar á obtención da subvención.*
- c) *Cando transcorrido o prazo de xustificación esta non se efectuara.*

Acordarase o reintegro dos posibles anticipos concedidos, previo requirimento expreso por parte do Concello, no prazo do 15 días, e sempre que, de conformidade co previsto no artigo 70 do RD 887/2006 non se tivera solicitado ampliación do prazo de xustificación.

No caso de que se formulen alegacións, emitirase informe polo departamento de Intervención previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte do órgano municipal con competencias na materia. En caso contrario, transcorridos os 15 días, se entenderá firme o acordo inicial de reintegro e se lle notificará ao afectado para que realice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, Regulamento xeral de recadación.

OITAVA: infraccións e sancións

Ao vencemento do prazo de xustificación sinalado nas bases, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriraa para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- *Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250 €.*
- *Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.*

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións".

NOVENA: formalización

O presente convenio formalízase coa sinatura das partes dende a data que figura ao final deste convenio ata o 30 de setembro de 2024.

Asinado dixitalmente na data do documento electrónico:

*Uxía Verdía Pereiro (presidenta da A X Xiradela)
Carlos Calvelo Martínez (alcalde do Concello de Arteixo)
José M^a Vázquez Pita (secretario xeral)"*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por importe de **8.500,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **334.48901** en concepto de subvención nominativa e **aprobar o pagamento do 70% (5.950,00 €) no momento da sinatura do convenio** nos termos previstos na cláusula terceira.

CUARTO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura do convenio en representación deste concello.

QUINTO.- Notificar o presente acordo á entidade beneficiaria para os efectos da sinatura do convenio e dar traslado ao SM de Cultura e á Intervención Municipal.

SEXTO.- Unha vez aprobado por Decreto de avocación, dar conta para a súa ratificación á seguinte Xunta de Goberno local que se celebre.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente, D- José Carlos Calvelo Martínez do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

ÚNICO: Quedar enterada.

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de Xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, acorda quedar enterada."

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.